



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Bases reguladoras das axudas do Plan de Emprego Local (pel) 2021

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE

ANUNCIO

Mediante Resolución de Presidencia nº 2021 / 1063 do 14 de xaneiro de 2021, modificada pola Resolución de Presidencia n.º 2021 / 1695 do 20 de xaneiro de 2021, aprobáronse as bases reguladoras das axudas do Plan de Emprego Local (PEL 2021) que se transcriben a continuación:

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL) 2021 POLAS QUE SE REGULAN AS AXUDAS Á CONSOLIDACIÓN E AO FORTALECEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL A TRAVÉS DO APOIO AO INVESTIMENTO EN BENS INVENTARIABLES (Liña 2.1. PEL-Emprende Investimento); AXUDAS PARA SUFRAGAR AS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL A AUTÓNOMOS/AS (Liña 2.7 PEL-Autónom@s); AXUDAS Á CONTRATACIÓN PARA A CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS (Liña 3.1. PEL-Pemes Creación e Ampliación), E AXUDAS AO MANTENIMENTO DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS (Liña 3.2 PEL-Pemes Mantemento).

Os contidos das presentes bases están enmarcados no establecido no artigo 40 da Constitución Española, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea conforme a Estratexia Europea de Emprego e na Estratexia do emprego autónomo 2017-2020, dentro da Axenda 20 para o emprego da Xunta de Galicia, que teñen como misión principal apoiar ás persoas e ás empresas na creación de emprego estable e de calidade procurando que ese emprego se manteña. Así mesmo nestas liñas de axuda trátase de dar resposta á necesidade establecida pola Axenda 20 de prestar unha especial atención ás circunstancias singulares e diferenciais das persoas traballadoras autónomas, e en concreto, axudar tamén a cimentar a consolidación de proxectos que superaron os seus primeiros anos de vida co obxectivo de contribuír á súa mellora competitiva.

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa amosando o seu apoio ao tecido empresarial da provincia, co obxectivo de alcanzar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio, polo que con estas axudas trátase de adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da provincia e sostemento dos negocios, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a mellora da competitividade e a modernización do tecido produtivo galego tendo ademais en conta as circunstancias verdadeiramente extraordinarias que se está vivindo nestes momentos provocadas pola pandemia do coronavirus COVID-19.

As axudas enmárcanse nas liñas 2 e 3 do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña para o período 2021. O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

Con estas liñas de axudas do Plan de Emprego Local, a Deputación da Coruña quere facilitar tanto a posta en marcha de novos proxectos empresariais innovadores, así como apoiar aos xa existentes, co fin de achegar ao tecido empresarial da provincia da Coruña actividades de diversificación e de novas tecnoloxías, con alto valor engadido e potencial de crecemento e de xeración de emprego.

Co obxectivo de facer fronte ao actual contexto socioeconómico xerado pola COVID-19, estas axudas fomentarán especialmente aquelas actividades económicas pertencentes aos sectores que se consideran os máis afectados pola pandemia no *Real Decreto-Lei 30/20, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego*.

A nova realidade económica pon de manifesto que non só é importante dinamizar e tratar de que se poña en marcha o maior número de empresas posible, senón que tamén é preciso deseñar mecanismos necesarios para apoiar a supervivencia e o fortalecemento das empresas.

Coa finalidade de reforzar o apoio ás empresas da provincia enmarcada nos sectores estratéxicos emerxentes, estas axudas priorizarán tamén aquelas iniciativas empresariais con actividades enmarcadas nos sectores recollidos na *Axenda de Competitividade Galicia- Industria 4.0*.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS E NORMAS COMÚNS

1. DENOMINACIÓN, FINANCIAMENTO E LIÑAS XERAIS DA TRAMITACIÓN.

1.1. Denominación.

As presentes bases teñen por obxecto regular as axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial a través do apoio ao investimento en bens inventariables (Liña 2.1. PEL Empreende Investimento); axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas (Liña 2.7 PEL Autónom@s); as axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (Liña 3.1. PEL Pemes Creación e ampliación), as axudas ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (Liña 3.2 PEL Pemes Mantemento)

1.2. Financiamento.

As axudas PEL financiaranse con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2021 nas aplicacións orzamentarias seguintes:

| Liñas PEL | Aplicación orzamentaria | Créditos dispoñibles |
|---|-------------------------|----------------------|
| Liña 2.1. PEL Empreende Investimento | 0520/24100/771 | 2.260.000 € |
| Liña 2.7. PEL Autónom@s | 0520/24100/479 | 500.000 € |
| Liña 3.1. PEL Pemes creación e ampliación | 0520/24100/479 | 1.000.000 €* |
| Liña 3.2. PEL Pemes mantemento | 0520/24100/479 | 500.000 € |

(*) Para esta convocatoria PEL Pemes Creación e ampliación destinarase unha contía adicional de 1.000.000 € condicionada á próxima modificación de crédito correspondente, previa á concesión.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento estará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa do mesmo servizo.

1.3. Liñas xerais da tramitación.

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática (a través da plataforma SUBTeL). A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, notificarase ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución da concesión de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da indicada Lei 39/2015, farase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia.

2. DESTINATARIOS/AS DAS AXUDAS PEL

Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas promotoras de iniciativas empresariais que **con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda desenvolvan unha actividade con ánimo de lucro** e reúnan os requisitos específicos para cada unha das liñas así como os indicados a continuación:

Requisitos comúns a todas as liñas:

Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional **no caso de persoas físicas** e no Rexistro mercantil ou no rexistro público correspondente, **no caso de persoas xurídicas**.

Exclusións comúns a todas as liñas:

Non poderán ser solicitantes as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

Tampouco poderán ser solicitantes da axuda, as asociacións, autónomos colaboradores e as corporacións de dereito público (Confraría...).

Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade.

3. FORMA, PRAZOS E DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDAS PEL**3.1. Forma.**

As entidades interesadas en participar na convocatoria de axudas PEL deberán comunicar a súa vontade de adhesión á convocatoria e solicitar as liñas incluídas nestas bases, a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática SUBTeL (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>) mediante a sinatura dixital do seu representante legal cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que se solicita, tanto na parte común como para a liña solicitada.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de maneira telemática é imprescindible que o/a solicitante, no caso de persoas físicas, e o representante legal da entidade, cando se trate de persoas xurídicas, dispoñan de sinatura electrónica.

En todo caso, teranse por non presentadas aquelas solicitudes rexistradas en formato papel e/ou as que habéndose rexistrado na plataforma, non presenten solicitude de ningunha axuda.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade. Considérase unha soa entidade, todas aquelas nas que os/as socios/as, administradores/as ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

No caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma liña, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Xunto coa solicitude enviarase unha Declaración Responsable da persoa solicitante onde manifestará o cumprimento tanto dos requisitos comúns a todas as liñas como do cumprimento dos requisitos específicos da/s liña/s solicitada/s recollidas nestas bases e dispoñibles en formato check-list na plataforma telemática de tramitación de solicitudes de subvención (SUBTeL) no momento da presentación da solicitude.

A presentación dunha Declaración Responsable falseando as condicións requiridas para a concesión dunha subvención ou ocultando as circunstancias que a impidisen ou limitasen, poderá ter a consideración dunha infracción nos termos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto.

En calquera caso, considerarase como falseamento ou ocultación das circunstancias o incumprimento do compromiso de manter os requisitos necesarios para ter dereito á subvención, a falta de documentación que o acredite e o incumprimento da obriga de comunicar que se deixaron de cumprir os requisitos esixibles, no prazo sinalado nesta orde.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon á súa disposición un modelo de solicitude.

(<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>)

3.2 Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes para a convocatoria das liñas de axuda PEL determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no Boletín Oficial da Provincia, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

3.3. Documentación a presentar

No momento da solicitude, as entidades deberán subir á plataforma telemática SUBTeL a seguinte documentación:

- **Declaración Responsable do cumprimento de todos os requisitos** esixidos nas bases a data anterior á publicación da convocatoria onde manifestará:

- Que a persoa que consta como representante está autorizada pola persoa solicitante (no caso de persoas físicas) ou polo representante legal da entidade (no caso de persoas xurídicas) para presentar a solicitude.

- Que non está afectada polos límites establecidos no Réxime de *Minimis* ao que se acollen estas axudas.

- Que ten o seu domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña e nun menor de 20.000 habitantes no caso de solicitar algunha das liñas PEL-Pemes.

- Que está dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional.

- Que no caso de solicitar PEL Emprende ou PEL autónom@s, ten unha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas (No caso de persoa física).

- Que no caso solicitar PEL Emprende ou PEL autónom@s, a data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición no Rexistro público correspondente (ou no caso de sociedades civís a data que conste no documento de constitución das mesmas) ten unha antigüidade máxima de 5 anos, anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

- Que está dado de alta no censo de actividades económicas da Axencia Estatal de Administración Tributaria e, no caso de solicitar PEL Emprende ou PEL autónom@s, cunha antigüidade máxima de 5 anos, anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

- Que en caso de optar ao incremento de puntuación por pertencer a colectivos con discapacidade, en exclusión, ou en risco de exclusión social do/a solicitante ou das persoas socias que posúan como mínimo o 50% do capital social da entidade, no caso de persoas xurídicas poderá acreditarlo na fase de xustificación coa documentación acreditativa correspondente.

- Que en caso de optar ao incremento de puntuación na valoración da solicitude por persoa con discapacidade, poderá acreditarlo na xustificación con certificado de discapacidade emitido pola Administración Competente vixente á data de publicación da convocatoria.

- Que en caso de optar ao incremento na valoración da solicitude por persoa en situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, poderá acreditarlo na xustificación co certificado de ser perceptor/a da renda de inclusión social de Galicia ou certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da esta situación social vixente á data de publicación da convocatoria.

- Que en caso de ser beneficiario/a de as axudas, comprométese a cumprir todos os compromisos e obrigas recollidos nestas bases.

- **Anexo_Xestión empresarial sostible.** (Este documento non poderá superar as 2 páxinas de extensión).

No momento da xustificación, ademais da documentación específica de cada liña, as entidades deberán subir á plataforma telemática SUBTeL a seguinte documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos polos cales se lle concedeu a subvención e que foron declarados no momento de presentación da solicitude da axuda na Declaración Responsable do cumprimento dos requisitos, salvo se xa os subiu á plataforma SUBTeL en anteriores convocatorias e non sufriron variación:

- **Declaración de Minimis.** Os/as solicitantes da axuda deben declarar as axudas públicas recibidas baixo o réxime de minimis nos tres últimos anos. (Só no caso dos/as solicitantes que teñan solicitado/recibido outras axudas públicas baixo o réxime de *minimis* no tres últimos anos).

- **Impreso de comunicación de alta de datos bancarios** para o rexistro de terceiros a efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar á Deputación provincial da Coruña (*Dispoñible na plataforma SUBTeL no momento de enviar a xustificación*).

- **Escritura de Constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores (se as houberse)**, ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente (no caso de estar obrigados e cando a solicitante sexa persoa xurídica) a efectos de determinar a antigüidade da empresa, a excepción das sociedades civís nas que se determinará atendendo á data que conste no documento de constitución das mesmas.

- **Certificado de Vida laboral do/a autónomo/onde** conste a última data de alta no RETA (no caso de que o solicitante sexa persoa física).

- **Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria** actualizado a efectos de determinar a data de inicio da actividade.

- **Documentación acreditativa de pertenza a colectivos con discapacidade, en exclusión, ou en risco de exclusión social** do/a solicitante ou das persoas socias que posúan como mínimo o 50% do capital social da entidade, no caso de persoas xurídicas.

- Se optase ao incremento na valoración da solicitude por persoa **con discapacidade**: certificado de discapacidade emitido pola Administración Competente vixente á data da publicación da convocatoria.

- Se optase ao incremento na valoración da solicitude por persoa **en situación de exclusión social ou de risco de exclusión social**: certificado de ser perceptor/a da renda de inclusión social de Galicia ou certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da esta situación social vixente á data de publicación da convocatoria.

Os anexos correspondentes a estas liñas de axudas estarán dispoñibles e poderán ser descargados na plataforma telemática Subtel no momento correspondente a cada unha das fases de tramitación das axudas.

4. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E APROBACIÓN.

O procedemento de concesión da subvención das liñas recollidas nestas bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A efectos desta lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases reguladoras e na súa posterior convocatoria, e adjudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

No caso de que o crédito dispoñible para calquera das liñas non sexa suficiente para sufragar todas as axudas solicitadas nesa liña, a selección das solicitudes e a contía das subvencións realizaranse tras a valoración das mesmas, de acordo aos baremos establecidos nas bases de valoración comúns e específicas para cada unha delas.

Para a valoración das solicitudes presentadas, nomearase por resolución da presidencia unha Comisión de Valoración que estará composta por tres empregados/as públicos/as da Deputación provincial da Coruña, actuando como secretario o xefe de Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. A comisión poderá estar asistida por persoal experto na materia.

A Comisión valorará e puntuará as solicitudes presentadas en cada liña conforme a criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das axudas no ámbito territorial, en función dos criterios de valoración establecidos en cada unha das liñas na apartado valoración de solicitudes.

A unidade encargada da tramitación do expediente, á vista da documentación que nel consta e da acta resultante da/s reunión/s celebradas pola comisión avaliadora, formulará un informe-proposta de resolución de concesión, debidamente motivado, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, e especificará a súa puntuación e os criterios de valoración seguidos para efectuala, así como as solicitudes desestimadas por non alcanzar a puntuación mínima establecida en función do crédito dispoñible.

En todas as liñas, en caso de producirse empate na puntuación mínima para obter a subvención, atenderase á data e hora de presentación das solicitudes empatadas, primando aquelas que se presentasen con anterioridade e atendendo ao crédito dispoñible.

Exceptúase a obriga de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, para o caso de que o crédito consignado en cada liña na convocatoria fose suficiente, atendendo ao número de solicitudes recibidas unha vez finalizado o prazo de presentación segundo o artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia referida a súa solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma SUBTeL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende no este prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva, que deberá ser notificada aos/ás interesados/as mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

As resolucións de concesión deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

5. CRITERIOS DE VALORACIÓN COMÚNS A TODAS AS LIÑAS

A Comisión de valoración puntuará, de acordo cos seguintes criterios comúns e os establecidos en cada liña específica, as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude xunto cun impreso, **Anexo_Xestión empresarial sostible**, que deberá ser cuberto polos mesmos e achegado á solicitude en Subtel.

| CRITERIOS DE VALORACIÓN LIÑAS PEL COMÚNS A TODAS AS LIÑAS | | | |
|---|---|---|-------------------------------|
| | CRITERIOS DE VALORACIÓN | ASPECTOS A VALORAR | PUNTUACIÓN MÁXIMA (50 puntos) |
| 1 | Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa <i>Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE)</i> (Máximo 10 puntos) | Menor ou igual a 2.000 habitantes | 10 |
| | | De 2.001 a 4.000 habitantes | 7 |
| | | De 4.001 a 5.000 habitantes | 4 |
| | | De 5.001 a 10.000 habitantes | 2 |
| | | De 10.001 a 19.999 habitantes | 1 |
| 2 | Actividade económica do solicitante Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censal do solicitante <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria.</i> (Máximo 8 puntos) | Solicitantes con actividades económicas especialmente afectadas pola pandemia COVID 19 (So aquelas recollidas no Anexo a estas bases): – Comercio, restauración e hospedaxe – Servizos recreativos, culturais e espectáculos. – Sanidade – Actividades artísticas – Deporte – Transporte de viaxeiros, marítimo e aéreo – Axencias de viaxes e turismo – Alugamento de automóbiles sen condutor – Servizos téxtiles e fotográficos –PERRUQUERÍAS e salóns de beleza | 5 |
| | | Solicitantes de sectores estratéxicos, emerxentes e de alto potencial de Galicia (só aqueles indicados no Anexo a estas bases): –Servizos agrícolas, gandeiros, forestais e pesqueiros –Construción de vehículos automóbiles –Outras producións de enerxía –Construción naval, reparación e mantemento de buques –Industrias da pedra natural e Industria extractiva –Industria téxtil –Artes gráficas e edición –Industria de produtos alimenticios e bebidas –Telecomunicacións e actividades informáticas –Investigación | 3 |

| CRITERIOS DE VALORACIÓN LIÑAS PEL COMÚNS A TODAS AS LIÑAS | | | |
|---|---|--|-------------------------------|
| | CRITERIOS DE VALORACIÓN | ASPECTOS A VALORAR | PUNTUACIÓN MÁXIMA (50 puntos) |
| 3 | Tipo de empresa <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria.</i> (Máximo 10 puntos) *Non aplicable á liña PEL Autónom@s | Empresario/a individual ou autónomo/a | 10 |
| | | Microempresa (De 0 a 10 traballadores/as por conta allea) | 8 |
| | | Pequena empresa (De 11 a 50 traballadores/as por conta allea) | 5 |
| | | Mediana empresa (De 51 a 250 traballadores/as por conta allea) | 3 |
| 4 | Forma xurídica da empresa enmarcada na economía social <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria.</i> (Máximo 5 puntos) *Non aplicable á liña PEL Autónom@s | – Cooperativa – Sociedades laborais | 5 |
| 5 | Presenza feminina dos/as promotores/as (Máximo 5 puntos) | Se a persoa promotora, no caso de persoas físicas, é unha muller, ou no caso de persoas xurídicas, un mínimo do 50% do capital social pertence a mulleres socias da entidade solicitante | 5 |
| 6 | Presenza de persoas con diversidade funcional (Máximo 5 puntos) | Se a persoa promotora, no caso de persoas físicas, ou no caso de persoas xurídicas, un mínimo do 50% do capital social pertence a persoas socias da entidade cunha discapacidade igual ou superior ao 33% recoñecida pola Administración competente, ou se atopan en situación ou risco de exclusión social certificado polos servizos municipais correspondentes. | 5 |
| 7 | Emprego da lingua galega (Máximo 2 puntos) | Emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda. | 2 |
| 8 | Xestión empresarial sostible (Máximo 5 puntos) | Adopción de medidas nos seguintes aspectos: – Responsabilidade Social Empresarial (RSE) – Adaptación da actividade empresarial ou creación de novas liñas derivada da nova situación da pandemia COVID-19 – Innovación empresarial | 5 |

6. PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

O prazo máximo para resolver será de 6 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións.

A resolución notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 e publicarase no BOP e na páxina web do Plan de Emprego Local (<https://emprego.dacoruna.gal/>).

7. XUSTIFICACIÓN E PAGO DAS AXUDAS

O pago de cada unha das liñas de subvención farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos declarados na solicitude e do obxecto para o cal foi concedida e se realizará **nun único pago por liña**, polo importe máximo do total da subvención concedida.

O **importe a xustificar** polos/as beneficiarios/as en cada liña será o **orçamento de gasto** definitivamente aprobado para os conceptos de gasto subvencionables. No caso de que xustifiquen un importe inferior, o importe a aboar reducirase en proporción ao importe efectivamente xustificado.

Recibida e revisada a documentación, a Deputación da Coruña realizará un control de verificación á entidade beneficiaria do cumprimento das esixencias declaradas e de non existir razóns en contra, a Deputación abonará o pago en función do importe efectivamente xustificado, ata un máximo do importe total da subvención concedida.

Neste proceso de control, a Deputación poderá efectuar comprobacións materiais encamiñadas á verificación da realización efectiva das actividades ou investimentos subvencionados, mediante a visita ás entidades por parte de funcionarios provinciais, de acordo con o disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 38/2003.

Os/as beneficiarios/as deben utilizar formas de pago a terceiros (empregados, empresas provedoras) que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria (empregado ou provedor do ben), o concepto, o pagador (perceptora da subvención), o importe e a data de pago: transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pago bancario no que quede identificado o pagador, beneficiario, importe e data de pago. En ningún caso se admitirá o pago en efectivo.

As entidades incluírán na xustificación a declaración de todos os ingresos, axudas ou recursos recibidos, tanto públicos como privados, relacionados coa contratación.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia das causas previstas nos artigos 31.4.b e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. COMPROMISOS E OBRIGAS

Os/as beneficiarios/as de todas as liñas da presente convocatoria deberán cumprir, os seguintes compromisos e obrigas:

- Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases e manter a mesma forma xurídica da entidade solicitante desde a data de publicación da convocatoria da axuda e ata a finalización do período subvencionado.
 - Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade, persoa física (autónomo/a) ou entidade vinculada. No caso de que a solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que solicite outra subvención na presente convocatoria.
 - Declarar o compromiso de emprego de la lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda no caso que se opte aos puntos correspondentes a este criterio.
 - Non estar nin ter estado incurso en expediente de regulación de emprego ou despedimento improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP
 - Autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña.
 - Cumprir coa normativa de *minimis* e declarar ao presentar a solicitude que non supera os límites establecidos en dita normativa para o seu sector.
 - Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
 - Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.
 - Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos do plan e de conformidade coa lexislación vixente.
 - Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
 - Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo con a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
 - Dar publicidade ao carácter público do financiamento da actividade realizada, colocando un cartel con información sobre a axuda dun tamaño mínimo de 210 x 297mm en posición horizontal en cartón pluma plastificado ou similar, en lugar visible para o público no espazo de traballo ou, en caso de carecer deste, nun lugar relacionado coa actividade empresarial. Debe figurar expresamente o logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local. O único logotipo válido é o que estará dispoñible na páxina web do Plan de Emprego Local.
- O mesmo tipo de publicidade realizarase nos bens subvencionados e nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta nun tamaño adaptado a estes.

· Esta obriga entenderase no caso de PEL Pemes desde a data de contratación e ata a recepción do pago da subvención. No caso de PEL Emprende 2 anos a contar desde a compra dos bens.

No caso de PEL Autónom@s a obriga da publicidade entenderase desde a data de concesión e ata o momento do pago.

· Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

· Autorizar á Deputación a consultar os datos fiscais relacionados coa súa actividade empresarial.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

9. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS PEL E RÉXIME DE MÍNIMIS APLICABLE

Compatibilidade Axudas PEL:

– As subvencións **PEL son compatibles entre si.**

Compatibilidade con outras axudas da Deputación:

– As axudas PEL serán incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación.

Compatibilidade con outras axudas públicas ou privadas:

· As axudas PEL-Emprende serán incompatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos bens subvencionados por esta convocatoria.

· As axudas PEL-Autonom@s serán incompatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos gastos durante o período subvencionado.

· As axudas PEL-Pemes serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos conceptos. En ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo do persoal subvencionado.

As entidades incluírán na xustificación a declaración doutros ingresos, axudas ou recursos recibidos.

Réxime de *minimis*

As axudas do Plan de Emprego Local quedan sometidas ao réxime de *minimis* en todas as súas liñas:

A axuda total de *minimis* concedida a unha única empresa non excederá de 200.000 euros durante o tres últimos exercicios fiscais.

Cando se trate dunha empresa que realice por conta allea operacións de transporte **de mercadorías por estrada**, o importe total das axudas de *minimis* concedidas non excederá de 100.000 euros durante o tres últimos exercicios fiscais, sen que estas axudas se poidan utilizar para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

Cando se trate dunha empresa no **sector agrícola**, a axuda total de *minimis* concedida non excederá de 20.000 euros durante o tres últimos exercicios fiscais.

Cando se trate dunha empresa no **sector da pesca e a acuicultura**, a axuda total de *minimis* concedida non excederá de 30.000 euros durante o tres últimos exercicios fiscais.

10. CUMPRIMENTO DA FINALIDADE BÁSICA DA AXUDA

Para a valoración do **cumprimento da finalidade básica da subvención** e o seu pago, terase en conta o seguinte en cada unha das liñas:

· No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao investimento solicitado, aboarase a totalidade da subvención.

· No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.

· No caso de obter outras axudas, subvencións ou ingresos para financiar o mesmo obxecto, o importe a xustificar será a suma de todas as axudas percibidas.

11. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN

O incumprimento dos prazos na presentación das solicitudes de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

No tocante á xustificación das axudas, si unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que o presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda do dereito ao cobro da subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

O/a beneficiario/a poderá realizar unha autoliquidación para devolver voluntariamente as cantidades a reintegrar, sen prexuízo da tramitación do preceptivo expediente de reintegro.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a gradación de sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves recollidas no artigo 47 da Ordenanza Xeral de Subvencións e transferencias da Deputación provincial da Coruña publicada no BOP nº 72 do 15 de abril de 2019.

Aplicarase a compensación para o cobro da sanción, agás que a entidade sancionada formule oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

12. CAUSAS EXCEPCIONAIS

12.1. Desistencia ou renuncia á subvención

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as persoas ou entidades solicitantes, poderán desistir da súa petición. A desistencia realizarase por escrito mediante a presentación do modelo correspondente que estará dispoñible na plataforma SUBTeL.

Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión da subvención polo órgano competente, as entidades beneficiarias poderán renunciar á subvención por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas axustándose ao modelo que estará dispoñible na plataforma SUBTeL.

No caso de que as entidades beneficiarias non comuniquen a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

12.2. Reintegro

O/a beneficiario/a poderá renunciar á parte da subvención non aplicada e realizar a autoliquidación como medio dispoñible para que o/a beneficiario/a poida efectuar dun modo voluntario a devolución das posibles cantidades indebidamente percibidas ou ás que estivese obrigado a reintegrar. Este suposto de devolución voluntaria da subvención é de aplicación en calquera momento do período subvencionable.

12.3. Supostos de declaración de estado de alarma pola pandemia COVID-19 e empresas con ERTE:

Nos supostos de declaración de estado de alarma pola COVID-19 ou situacións de ERTE derivadas da pandemia, o órgano concedente poderá ampliar os prazos recollidos nestas bases. Neste caso procederase á publicación dos novos prazos na páxina web do Plan de Emprego Local <https://emplego.dacoruna.gal/>

13. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Bases reguladoras de convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Ordenanza Xeral de subvencións e transferencias da Deputación provincial da Coruña.

- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento (UE) 2019/316 da Comisión do 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento (UE) n.ou 1408/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola.
- Regulamento (UE) nº 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño).
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

CAPÍTULO II

Liña 2.1. PEL Emprende Investimento

1. FINALIDADE E OBXECTO DA LIÑA PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO

A finalidade destas axudas é contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables de pequenas, medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes.

O seu obxecto é regular as axudas para o ano 2021 da Liña 2.1: axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables incluídas dentro da liña PEL-Emprende: Apoio á creación de empresas no ámbito local.

2. DESTINATARIOS/AS DA LIÑA PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO

Os/as destinatarios/as desta Liña deberán reunir ademais dos requisitos comúns a todas as liñas recollidos no punto 2 do Capítulo I, os seguintes:

- Ter unha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio continuado na actividade empresarial para a que solicita a axuda segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.

2.1. Requisitos específicos para persoas físicas.

- Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, **cunha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos** anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

2.2. Requisitos específicos para persoas xurídicas.

- A data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición no Rexistro público correspondente, **debe ter unha antigüidade máxima de 5 anos**, anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

Quedan excluídas aquelas novas empresas que cumprindo o requisito anterior, sexan transformación doutras cuxa primeira inscrición no Rexistro público correspondente teña unha antigüidade superior a cinco anos ou que sexan continuidade dunha actividade que viña desenvolvendo outra empresa ou persoa autónoma cunha antigüidade de máis de cinco anos.

3. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles investimentos que resulten estritamente necesarias para o desenvolvemento da actividade da empresa e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto atendendo á Resolución de presidencia nº 2016/12 de 04/01/2016, pola que se aproban as instrucións reguladoras da codificación dos conceptos de gasto que son obxecto de subvención provincial

| Conta | Descrición da conta |
|-------|---|
| 206 | Aplicacións informáticas Nesta conta considerarase exclusivamente o importe satisfeito pola propiedade ou polo dereito ao uso de programas informáticos adquiridos a terceiros. |
| 213 | Maquinaria Conxunto de máquinas ou bens de equipo mediante os cales se realiza a extracción, elaboración dos produtos ou prestación de servizos. Nesta conta figurarán todos aqueles elementos de transporte interno que se destinen ao traslado de persoal, animais, materiais e mercadorías dentro de factorías, talleres, etc. sen saír ao exterior. |
| 216 | Mobiliario Mobiliario, material e equipos de oficina, coa excepción dos que deban figurar na conta 217. |
| 217 | Equipos para procesos de información Computadores e demais conxuntos electrónicos. |

Consideracións respecto aos investimentos a solicitar:

- Con carácter xeral, quedan **expresamente excluídas** en todos os conceptos contables as instalacións, os mantementos, os portes, as reparacións, obras, reformas, reparacións, cubertas, carpas, alugamentos, rotulacións, instalacións técnicas (climatización, iluminación, telefónicas...), páxinas web, hosting, dominios, mantementos das aplicacións informáticas, subscricións anuais, canons, elementos de transporte, o material funxible para a realización da actividade, artigos de decoración, televisores, iluminación, aparellos de climatización, os sistemas de seguridade, telefonía, teléfonos móbiles, routers, ...)

- Deben tratarse de investimentos en **elementos novos, directamente relacionados coa actividade**, non cedidos a terceiros, con ou sen contraprestación e que non sexan fabricados pola empresa solicitante nin por unha terceira vinculada á mesma, nin por socios/as, administradores/as, nin membros da Xunta de Directiva, ou ex- socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento. Tampouco poderán ser utilizados para a venda ou calquera outro negocio xurídico.

- O importe de IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade (art. 31.8 LGS)

- Os/as beneficiarios/as **non poderán**, en ningún caso, en virtude do artigo 29.7 d) de Lei Xeral de Subvencións e 68 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, **contratar total ou parcialmente os investimentos subvencionados con persoas ou entidades vinculadas ao mesmo**, nin con socios, administradores, membros da Xunta de Directiva, ou ex- socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento.

(Enténdese a vinculación cando exista unha coincidencia igual ou maior do 50% tanto no capital como no número de socios)

- Os/as beneficiarios/as **non poderán subcontratar aquelas actividades que poidan realizar por si mesmos e que serán aquelas que se atopan dentro do seu obxecto social** (artigo 29.2_Lei 38/2003 Xeral de Subvencións: "O/a beneficiario/a unicamente poderá subcontratar, total ou parcialmente, a actividade cando a normativa reguladora da subvención así o prevexa.")

- A empresa que facture os bens debe estar dada de alta na actividade, recollida no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria, correspondente aos servizos que facture, con anterioridade á data de emisión da factura.

4. CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE DA LIÑA PEL EMPRENDE INVESTIMENTO

As entidades poderán presentar un **orçamento mínimo de gasto 3.500,00 € (excluído o IVE) e un máximo de 25.000,00€ (excluído o IVE)**, do cal poderán solicitar, como máximo, o **70%**.

| | |
|---|-------------------|
| Importe mínimo do orzamento de gastos | 3.500,00€ |
| Importe mínimo a solicitar | 2.450,00€ |
| Importe máximo do orzamento de gastos | 25.000,00€ |
| Importe máximo a solicitar | 17.500,00€ |
| Importe máximo a conceder (excluído o IVE) | 17.500,00€ |
| Porcentaxe máxima a conceder (sobre o importe máximo do orzamento de gasto) | 70% |

Con carácter xeral, os investimentos deberán ser realizados entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021**.

Nos supostos excepcionais nos que se estimen as solicitudes con posterioridade ao 15 de decembro de 2021, os **investimentos poderán ser realizados ata o 1 de marzo de 2022**.

En ambos os casos, os xustificantes de gasto terán que estar expedidos nos períodos sinalados.

Non obstante, naqueles casos nos que os investimentos fosen realizados no final do período da convocatoria de subvencións, poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2022.

No caso de ser beneficiario da convocatoria PEL Empreende Investimento **2020**, presentará unha declaración de que os xustificantes que se presentan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores.

5. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES LIÑA 2.1 PEL EMPRENDE INVESTIMENTO

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude xunto cun impreso, **Anexo_Xestión empresarial sostible**, que deberá ser cuberto polos mesmos e achegado á solicitude en Subtel.

O criterio a ter en conta na valoración específica desta liña de axudas será o seguinte:

| CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS LIÑA 2.1 PEL EMPRENDE INVESTIMENTO | | |
|--|---|------------|
| CRITERIO DE VALORACIÓN | ASPECTOS A VALORAR | PUNTUACIÓN |
| Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL Empreende Investimento 2020 (Máximo 10 puntos) | O/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL Empreende Investimento 2020. | 10 puntos |

6. COMPROMISOS ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO

As persoas ou entidades beneficiarias da liña PEL Empreende Investimento, ademais dos compromisos sinalados na base 8 das Disposicións Xerais, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

- Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención por un período mínimo de dous anos desde a adquisición do ben. Salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal deberán acreditar debidamente.
- Comunicar a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable, aumento do investimento, nin dos conceptos de gasto concedido xa que estes considéranse vinculantes e non se poden modificar pois suporían un cambio de obxecto.
- A Deputación poderá comprobar o efectivo cumprimento desta cláusula a través da correspondente actuación de control financeiro.

7. FASE DE XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO

7.1. Prazo

O prazo para a xustificación da axuda PEL-Emprende Investimento será o **30 de abril de 2022** segundo establecen as bases reguladoras de convocatoria de subvención dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña para a anualidade correspondente.

7.2. Documentación para a realización do pago

O/a beneficiario/a deberá presentar na plataforma SUBTeL, no apartado de Xustificación da súa solicitude, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para ser beneficiario/a da subvención, que foron declarados no momento de presentación da solicitude mediante Declaración Responsable, indicados na **base 3.3. Documentación a presentar do Capítulo I DISPOSICIÓN XERAIS E NORMAS COMÚNS**, así como a **documentación xustificativa específica da liña recollida neste apartado (base 7.2)**.

A subvención concedida farase efectiva tras a presentación desta xustificación de gastos e unha vez acreditada a consecución dos obxectivos previstos na concesión.

- **Relación clasificada dos gastos realizados** (a cubrir na plataforma telemática Subtel), na que deberá achegar os seguintes documentos:
- **Facturas electrónicas ou escaneadas**, correspondentes aos gastos efectivamente realizados no marco da presente convocatoria, ou documentos contables de valor probatorio equivalente. No caso de que as facturas non teñan os concep-

tos de gasto debidamente claros, deberán entregar documento aclaratorio do contido das mesmas. Só se admitirán tres facturas máximo por concepto de gasto subvencionado e os conceptos contables contidos nelas deben axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

- **Xustificantes bancarios** acreditativos do pago de cada unha das facturas presentadas.
- **Memoria resumo dos investimentos realizados** durante o período xustificado (Modelo dispoñible en Subtel).
- **Certificación de gastos realizados** (Impreso descargable en Subtel).
- **Documentación gráfica da publicidade** realizada e ligazón á web da entidade, no seu caso (logotipo descargable en SUBTeL)
- **Declaración da entidade na que indique si está exenta do IVE**, xa que só poderá considerarse imputable con cargo á subvención o importe de IVE non sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade (art. 31.8 LGS) (Modelo dispoñible en SUBTeL)
- **Fotografía** dos bens adquiridos.
- **Polo menos tres ofertas de distintas empresas proveedoras** no caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) para adquirir equipamento, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

CAPÍTULO III

LIÑA 2. 7. PEL- Autonom@s

1. FINALIDADE E OBXECTO DA LIÑA PEL-AUTÓNOM@S.

A finalidade destas axudas é o fomento do emprendemento e o traballo por conta propia nos municipios da provincia da Coruña poñendo en marcha mecanismos necesarios para a supervivencia e fortalecemento do tecido empresarial autónomo ante a nova realidade económica xurdida pola Covid-19.

O seu obxecto é regular as axudas para o ano 2021 da Liña 2.7 PEL-Autonom@s: Axudas para sufragar parte das cotas da seguridade social de persoas autónomas no período que non reciben axudas doutras Administracións Públicas.

2. DESTINATARIOS/AS DA LIÑA PEL-AUTÓNOM@S.

Estas axudas van dirixidas a persoas autónomas promotoras de iniciativas empresariais que **con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda desenvolvan unha actividade con ánimo de lucro** e reúnan os seguintes requisitos:

- Estar dado de alta no **Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA)** ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, **cunha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos** anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.
- Ter o **domicilio fiscal** nalgún concello da provincia da Coruña.
- Ter **unha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos** de exercicio continuado na actividade empresarial para a que solicita a axuda segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade/empresa.
- Non estar a recibir ningunha axuda por parte de ningún organismo para sufragar as cotas sociais de autónomo para o período subvencionado.

3. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES LIÑA PEL-AUTÓNOM@S.

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, parte do importe dos pagos realizados á Tesourería Xeral da Seguridade Social en concepto de cotas mensuais de autónomos correspondentes a cotas non bonificadas por ningún outro organismo público nin privado.

A axuda consistirá no pago de 200 euros mensuais durante doce mensualidades como máximo, correspondentes aos meses do ano 2021.

| Conta | Descrición da conta |
|-------|---------------------------------------|
| 642 | Seguridade Social a cargo da entidade |

4. CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE DA LIÑA PEL-AUTÓNOM@S

As entidades poderán presentar un orzamento máximo de custos de Seguridade Social de 3.429,00 euros, que se corresponde aproximadamente coa cota mínima de autónomos durante un período de 12 meses, segundo a base mínima establecida para 2020 no Real Decreto-lei 28/2018, do 28 de decembro, do cal poderán solicitar unha axuda máxima de 2.400 euros correspondentes a 200 euros por mes.

| | |
|---|----------------|
| Importe máximo do orzamento de gasto | 3.429 € |
| Importe máximo a solicitar | 2.400 € |
| Importe máximo a conceder | 2.400 € |
| Porcentaxe máxima a conceder (sobre o importe máximo do orzamento de gasto) | 70% |

5. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DA LIÑA 2.7 PEL-AUTONOM@S

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude xunto co **Anexo_Xestión empresarial sostible**, que deberá ser cuberto polos mesmos e achegado á solicitude en Subtel.

6. COMPROMISOS ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-AUTONOM@S

As persoas autónomas beneficiarias da liña PEL-Autonom@s, ademais dos compromisos sinalados na base 8 das Disposicións Xerais, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

- As persoas autónomas beneficiarias desta liña, deberán adquirir o compromiso de manter a actividade e a alta no RETA durante todo o período subvencionado.

7. FASE DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PAGO DE PEL- AUTONOM@S

7.1. Prazo

O prazo para a xustificación da axuda PEL Autonom@s será o 30 de abril de 2022 segundo establecen as bases reguladoras de convocatoria de subvención dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña para a anualidade correspondente.

7.2. Documentación xustificativa necesaria

O/a beneficiario/a deberá presentar na plataforma SUBTeL, no apartado de Xustificación da súa solicitude, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para ser beneficiario/a da subvención, que foron declarados no momento de presentación da solicitude mediante Declaración Responsable, indicados na **base 3.3. Documentación a presentar do Capítulo I DISPOSICIÓN XERAIS E NORMAS COMÚNS**, así como a **documentación xustificativa específica da liña recollida neste apartado (base 7.2)**.

A subvención concedida farase efectiva tras a presentación desta xustificación de gastos e unha vez acreditada a consecución dos obxectivos previstos na concesión.

- **Relación clasificada dos gastos realizados** (a cubrir na plataforma telemática Subtel), na que deberá achegar a relación de xustificantes bancarios acreditativos do pago das 12 cotas á Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- **Certificación de gastos realizados** (Impreso dispoñible en Subtel).
- **Memoria resumo das actividades desenvolvidas** pola persoa beneficiaria durante o período xustificado (Impreso dispoñible en Subtel).
- **Documentación gráfica da publicidade realizada** e ligazón á páxina web da entidade, en caso de existir (logotipo descargable en SUBTeL)

CAPÍTULO IV

LIÑA 3. 1. PEL-Pemes Creación e Ampliación

1. FINALIDADE E OBXECTO DA LIÑA PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN

A finalidade destas axudas á contratación é apoiar ao tecido empresarial para a contratación laboral de persoas en situación de desemprego, para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes.

As presentes bases teñen por obxecto regular as axudas da Liña 3.1: Axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (PEL-Pemes Creación e Ampliación 2021), incluídas dentro da liña PEL-Pemes: Axudas á contratación de persoal.

Estes incentivos terán a finalidade de favorecer o emprego estable e de calidade a nivel local para que se facilite a empregabilidade das persoas con maiores dificultades de inserción laboral nun contexto de proximidade.

2. DESTINATARIOS/AS DA LIÑA PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN

Os destinatarios/as desta liña deberán reunir ademais dos requisitos comúns de todas as liñas recollidos no punto 2 do Capítulo I, os seguintes:

1. Ter domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.
2. A actividade da empresa ou a do autónomo, definida nos seus estatutos e/ou dada de alta no certificado de situación censual da AEAT, debe estar relacionada cos perfís profesionais da persoa contratada.
3. O posto de traballo a subvencionar debe ser un posto de nova creación. De maneira que si a entidade foi beneficiaria desta axuda en convocatorias anteriores debe constar de alta no seu cadro de persoal o/a traballador/a do posto de traballo subvencionado en convocatorias anteriores.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS CONTRATADAS OU A CONTRATAR PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN

3.1. Requisitos.

As persoas contratadas ou a contratar, deben cumprir, ademais dos esixidos no Estatuto dos Traballadores e lexislación laboral da modalidade de contratación subvencionada, os seguintes requisitos:

1. Estar empadroadado/a en calquera dos municipios da provincia da Coruña.
2. Estar en situación de desemprego no momento da contratación e rexistrado/a como demandante de emprego nos Servizos Públicos de Emprego.

3.2. Exclusiones.

Exclúense destas axudas os seguintes supostos:

- As **contratacións** realizadas con traballadores/as que nos **6 meses anteriores** á data da contratación **prestasen servizos na mesma empresa** ou «única empresa» mediante un **contrato indefinido ou temporal**.

Isto tamén será de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do/a traballador/a con empresas que se transformaron ou que sexan continuidade de persoas autónomas e das cales proveña a entidade solicitante da axuda.

No suposto de traballadores/as que prestasen o seu servizo a través da modalidade de contrato de formación ou convenio de prácticas non se aplicará a exclusión anterior.

- As **persoas traballadoras** que **finalicen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa** nun prazo de **3 meses previos** á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1. g), 51 e 52. c) do Estatuto dos traballadores.

- As **relacións laborais de carácter especial** previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro (Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores).

- As **contratacións de traballadores/as para prestar servizos noutras empresas** mediante contratos de posta á disposición realizados con empresas de traballo temporal.

- Os **contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao** inclusive, do empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

4. CONCEPTOS DE GASTOS SUBVENCIONABLES NA LIÑA DE PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN

Os conceptos de gasto subvencionables nesta liña de axudas son os seguintes, de acordo con a Resolución da presidencia nº 2016/12 de 04/01/2016, pola que se aproban as instrucións reguladoras da codificación dos conceptos de gasto que son obxecto de subvención provincial:

| Conta | Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade |
|-------|--|
| 640 | Soldos e salarios |
| 642 | Seguridade Social a cargo da entidade |

Os gastos subvencionables comprenden os soldos e salarios, incluídas as cotas patronais á Seguridade Social.

Así mesmo, tamén se entenderá como soldo e salario aquel que pague a empresa en concepto de prestación por Incapacidade Temporal do/da traballador/a no suposto excepcional de que acontecese.

Non serán subvencionables outros conceptos derivados da contratación (horas extraordinarias, indemnización fin de contrato, roupa de traballo, dietas e quilometraxe), nin outras percepcións non salariais que deberán ser asumidos polo/a beneficiario/a.

O plus de transporte non será subvencionable cando teña natureza extrasalarial, por percibirse en concepto de indemnización ou suplido polos gastos realizados como consecuencia da actividade laboral e non se satisfán durante os días que non se traballa. Non obstante, sí resultará subvencionable naqueles supostos cuxo pago sexa obrigado por convenio e se contabilice como unha percepción salarial obxecto de cotización.

5. CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE DA LIÑA PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN

Cada empresa poderá solicitar a subvención para a contratación dun/unha traballador/a durante un período de 12 meses, durante os cales a subvención cubrirá como máximo o 70% dos custos salariais totais da persoa traballadora. A contratación terá unha duración mínima de 12 meses. O contrato poderá ter unha duración superior a 12 meses, pero a subvención cubrirá unicamente os 12 primeiros meses do contrato.

| PEL-PEMES. CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL. | |
|---|----------------------------|
| As novas contratacións realizadas ou a realizar con cargo á convocatoria PEL-PEMES CRE AMP 2021 | |
| Nº traballadores | Porcentaxe máxima da axuda |
| 1 | 70% |

O contrato deberá realizarse en calquera modalidade das previstas legalmente (contrato indefinido, temporal, de substitución, para a formación e a aprendizaxe, en prácticas) e independentemente do tipo de xornada (a xornada completa ou xornada parcial) e para todos os efectos rexeráse pola lexislación laboral vixente.

A contía máxima da subvención a solicitar e conceder será o 70% dos custos estimados máximos de contratación.

As entidades poderán presentar un **orçamento máximo de custos salariais e de seguridade social de 22.000,00 €**, do cal poderán solicitar, como máximo, o **70%**.

| | |
|--|-------------------|
| Importe máximo do orzamento de custos salariais e de seguridade social a xornada completa (40h semanais) | 22.000,00€ |
| Importe máximo a solicitar | 15.400,00€ |
| Importe máximo a conceder | 15.400,00€ |
| Porcentaxe máxima a conceder (sobre o importe máximo do orzamento de gasto) | 70% |

No caso daquelas contratacións realizadas a tempo parcial, deberá solicitarse a parte proporcional, tendo en conta o importe máximo a solicitar e a porcentaxe da xornada.

No caso dunha contratación a media xornada de 20 horas semanais, debe terse en conta que o importe máximo a conceder no caso de 40 horas semanais son 15.400,00 €, polo que para unha xornada de 20 horas o máximo a solicitar é 7.700,00 €. No caso dunha contratación cun número de horas diferente, o importe máximo a solicitar calcularase proporcionalmente tendo en conta que o máximo a solicitar por 40 horas semanais son 15.400,00 €.

PRAZO DE CONTRATACIÓN

Unicamente subvencionarase as contratacións realizadas entre o **1 de xaneiro de 2021** e ata un máximo dun mes a contar desde a data de publicación no Boletín Oficial da Provincia da resolución de concesión das subvencións.

Os beneficiarios da axuda non deberán achegar a documentación acreditativa da contratación ata que transcorran os 12 meses da contratación, tal e como se indica na base 9.

6. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DA LIÑA PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude xunto coa **Anexo_Xestión empresarial sostible**, que deberá ser cuberto polos mesmos e achegado á solicitude en Subtel.

Os criterios a ter en conta na valoración específica desta liña de axudas serán os seguintes:

| CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS | | | |
|--|--|--|----------------------------------|
| LIÑA 3.1 PEL PEMES. CREACIÓN OU AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL | | | |
| | CRITERIOS DE VALORACIÓN | ASPECTOS A VALORAR | PUNTUACIÓN MÁXIMA (40 puntos) |
| 1 | Forma de selección do persoal contratado/ a contratar (Máximo 10 puntos) | Servizo Público de Emprego de Galicia. Rede de Técnicos Locais de Emprego e Desenvolvemento Local. Rede de Persoal Orientador en Entidades Colaboradoras públicas. Axencias de colocación que sexan entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego. | 10 |
| | | Axencias de Colocación (entidades privadas). Portais de Emprego. Redes LinkedIn . Outras redes sociais de procura de emprego. | 5 |
| | | Outros procesos de selección. | 3 |
| | | | |
| 2 | Características do contrato realizado /a realizar (Máximo 10 puntos) | Contrato indefinido. Xornada completa. | 10 |
| | | Contrato indefinido. Xornada parcial. | 8 |
| | | Contrato temporal. Xornada completa. | 5 |
| | | Contrato temporal. Xornada parcial. | 3 |
| 3 | Características da persoa desempregada contratada/ a contratar (Máximo 10 puntos) | Contratación de polo menos un dos seguintes colectivos vulnerables: –Persoas desempregadas de longa duración (rexistradas durante máis dun ano) – Maiores de 45 anos / Menores de 30 anos. – Mulleres. –Persoa con grao de discapacidade igual ou superior ao 33% . | 10 |
| 4 | Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL PEMES CRE/AMP 2020 (Máximo 10 puntos) | O solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL PEMES CRE/AMP 2020 | 10 |

7. COMPROMISOS ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN

- Facilitarlle á persoa contratada os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se atope vixente durante a execución do traballo.
- Cumprir coas obrigas económicas de carácter salarial e tributario en prazo ordinario, independentemente do momento do pago da subvención.
- Cumprir co método de selección do/da traballador/a indicado pola entidade na solicitude. No caso da Unidade xestora detecte que o/a beneficiario/a non seleccionou ao/á traballador/a segundo o método indicado na súa solicitude, tramitarse a perda de dereito ao cobro da axuda.
- Cumprir coas características da persoa contratada indicada na solicitude, no caso de que se corresponda con algunha das que obtivo puntuación segundo o cadro de criterios de valoración recollido na base 6 do capítulo IV. No caso de que a Unidade xestora detecte que a entidade beneficiaria non contratou ao/á traballador/a segundo as características da persoa indicadas na súa solicitude, tramitarse a perda de dereito ao cobro da axuda.
- Manter o tipo de contrato indicado na solicitude. Non obstante, poderá admitirse o cambio dun contrato temporal a un indefinido e dunha xornada parcial a unha completa, tendo en conta que neste último caso non se incrementará o importe da contía concedida. No caso de que a Unidade xestora detecte que a entidade beneficiaria non mantivo o tipo de contrato indicado na súa solicitude, tramitarse a perda de dereito ao cobro da axuda.
- Manter o nivel de emprego existente na empresa beneficiaria, desde a data de publicación das bases da axuda e durante todo o período subvencionado. Para tal efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de traballadores da empresa na data de finalización do período subvencionado sexa maior ao existente no momento de publicación das bases reguladoras da axuda.

No caso daquelas contratacións realizadas antes da publicación das bases reguladoras, a obriga do mantemento do emprego na empresa será desde o momento da contratación do/da traballador/a subvencionado/a.

Enténdese que o/a beneficiario/a da subvención cumpre con esta obriga cando a causa da baixa do contrato sexa o falecemento dun/unha traballador/a, ou o pase á situación de incapacidade laboral permanente, nos seus graos de

incapacidade total, absoluta ou gran invalidez, a xubilación total, ou despedimento disciplinario recoñecido ou declarado como procedente ou baixa voluntaria do traballador e pola finalización de contratos para a formación e a aprendizaxe, de contratos en prácticas e de contratos de duración determinada, previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.

No caso da Unidade xestora detecte que a entidade beneficiaria non mantivo o nivel de emprego existente na empresa beneficiaria, tramitarase a perda de dereito ao cobro da axuda.

· Declarar e comprometerse na presentación da solicitude que a persoa traballadora contratada/a contratar nesta convocatoria non é/será a mesma que aquela subvencionada en convocatorias anteriores en calquera das liñas PEL-Pemes.

8. FASE DE XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN DE PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN.

8.1. Prazo

O/a beneficiario/a da axuda deberá xustificar os gastos unha vez que transcorran os 12 meses da contratación e disporá dun prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos que será de 15 meses desde a data de publicación no BOP da resolución de concesión da axuda.

8.2. Documentación precisa para a realización do pago.

O/a beneficiario/a deberá presentar na plataforma SUBTeL, no apartado de Xustificación da súa solicitude, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para ser beneficiario/a da subvención, que foron declarados no momento de presentación da solicitude mediante Declaración Responsable, indicados na base 3.3. Documentación a presentar do Capítulo I DISPOSICIÓNS XERAIS E NORMAS COMÚNS, así como a documentación xustificativa específica da liña recollida neste apartado (base 8.2.1, 8.2.2 e 8.2.3).

A subvención concedida farase efectiva tras a presentación desta xustificación de gastos e unha vez acreditada a consecución dos obxectivos previstos na concesión.

8.2.1. Documentación xeral:

· **Relación clasificada dos gastos realizados** (a cubrir na plataforma telemática Subtel) na que deberá achegar os seguintes documentos:

1.1. Nóminas mensuais escaneadas e asinadas electronicamente da persoa traballadora correspondentes ao período xustificado e xustificantes de pago bancarios das mesmas.

1.2. Informes mensuais dos “Cálculos globais do/a traballador/a” emitidos pola Seguridade Social.

· **Memoria resumen das actividades desenvolvidas polo/a traballador/a** durante o período xustificado (Impreso dispoñible en Subtel).

· **Certificación de ingresos recibidos** (Impreso dispoñible en Subtel).

· **Certificación de gastos realizados** (Impreso descargable en Subtel).

· **Informe de vida laboral** de todas as contas de cotización da entidade beneficiaria da subvención do período comprendido entre a data de publicación das bases e ata a data de finalización do período subvencionado. No caso de que a persoa traballadora subvencionada sexa contratada en data anterior á publicación das bases deberá presentarse este informe desde o momento da contratación e ata o fin do período subvencionado.

· **Documentación gráfica da publicidade** realizada e ligazón á páxina web da entidade, en caso de existir (logotipo descargable en SUBTeL)

· **Informe de Vida Laboral da empresa á data de solicitude** (só no caso de que a entidade sexa beneficiaria en convocatorias anteriores da axuda PEL-Pemes Creación e Ampliación).

8.2.2. Documentación específica acreditativa da contratación:

· Contrato de traballo formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Emprego correspondente.

· Parte de alta do/a traballador/a na Seguridade Social.

· Informe de datos de cotización (IDC) do/a traballador/a.

· Autorización individual asinada por cada traballador/a con salario subvencionado para a cesión dos datos persoais á Deputación da Coruña, relacionada co seu contrato de traballo.

· Comunicación do contrato ao Servizo Público de Emprego, co número de oferta (só no caso daquelas contratacións nas que a selección do/a traballador/a se realice a través dos Servizos Públicos de Emprego).

· No caso daquelas contratacións nas que a selección do/a traballador/a se realice a través da Rede de Técnicos de Emprego e Desenvolvemento Local: Copia do Informe do persoal Técnico de Emprego do Concello, co número de oferta.

- No caso daquelas contratacións que se realicen a través doutras redes ou axencias públicas: Copia do Informe do persoal Técnico de Emprego.
- No caso daquelas contratacións nas que a selección se realice a través de axencias de colocación privadas, portais de emprego ou redes sociais: Documento acreditativo de realización da selección a través destes medios.
- No caso daquelas contratacións de colectivos vulnerables:
 - No caso daquelas contratacións de desempregados de de longa duración: Certificado de Vida Laboral do /a traballador/a .
 - No caso daquelas contratacións de maiores 45 ou menores de 30 anos e no caso de que se contrate a unha muller: DNI do /a traballador/a.
 - No caso de contratación de traballador/a con grao de discapacidade igual ou superior ao 33%: Certificado de discapacidade emitido pola administración competente vixente na data da publicación da convocatoria.
- Para acreditar a contratación dunha persoa desempregada: Tarxeta de demandante de emprego do/a traballador/a contratado/a ou Informe de vida laboral.

8.2.3. Documentación específica acreditativa da baixa do/a traballador/a e da nova contratación no suposto excepcional de extinción da relación laboral.

- Carta de baixa voluntaria do/a traballador/a ou carta de despedimento laboral.
- Documento de baixa na Seguridade Social do/a traballador/a.
- Documentación específica acreditativa do alta do/a novo/a traballador/a, tal e como ven indicada na base 8.2.2.

9. CAUSAS EXCEPCIONAIS DA LIÑA PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN

9.1. Suposto de extinción da relación laboral

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención por causas sobrevindas debidamente xustificadas, como pode ser a dimisión ou baixa voluntaria do/a traballador/a, ou falecemento, a xubilación ou despedimento procedente, os/as beneficiarios/as poderán proceder a unha nova contratación nun prazo máximo de 1 mes desde a extinción do contrato, só no caso de que se trate dunha baixa voluntaria ou despedimento procedente e ata un máximo de 2 novas contratacións. Neste caso, o período a xustificar ampliarase no prazo correspondente ao tempo transcorrido entre a baixa e a nova contratación.

Os beneficiarios incursos en supostos excepcionais de extinción da relación laboral que procedan a realizar unha nova contratación segundo o que se indica no parágrafo anterior, deberán achegar só no momento en que realicen a xustificación de gastos da subvención a documentación recollida na base 8.2.3 de xustificación de gastos.

9.2. Supostos de incapacidade temporal da persoa traballadora ou en situación de permisos de maternidade/paternidade.

No caso de que a persoa traballadora incorra en incapacidade temporal por enfermidade, accidente ou este en situación de permisos de maternidade/paternidade, o/a beneficiario/a poderá proceder a contratar outro/a traballador/a para substituír temporalmente ao/á traballador/a incurso/a neses supostos sen necesidade de comunicalo previamente á Deputación. O/a traballador/a substituto/a deberá cumprir os mesmos requisitos esixidos, a excepción do tipo de contrato, ao/á traballador/a incurso nestes supostos, así como aqueles obrigatorios indicados nestas bases. Este/a traballador/a substituto/a deberá ser imputado na xustificación de gastos que presente a persoa beneficiaria.

9.3. Reintegro

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, no suposto de falta de achega da documentación relativa á contratación do/do traballador/a en o prazo establecido e no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia das causas previstas nos artigos 31.4.b e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CAPÍTULO V

LIÑA 3.2 PEL-Pemes Mantemento

1. FINALIDADE E OBXECTO.

A finalidade das axudas á contratación consiste en apoiar ao tecido empresarial para o mantemento da contratación laboral indefinida das persoas en situación de desemprego contratadas con cargo ás Axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (PEL-Pemes Creación e Ampliación 2020).

O seu obxecto é regular as axudas para o ano 2021 da Liña 3.2: Axudas ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (PEL-Pemes Mantemento 2021), incluídas dentro da liña PEL-Pemes: Axudas á contratación de persoal.

Estas axudas terán a finalidade de favorecer o emprego estable e de calidade a nivel local para que se facilite o mantemento da empregabilidade das persoas con maiores dificultades de inserción laboral nun contexto de proximidade.

2. DESTINATARIOS/AS DA LIÑA PEL-PEMES MANTEMENTO

Estas axudas ao mantemento do cadro de persoal van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e autónomos/as, todos eles **beneficiarios/as da subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2020 que levaron a cabo a contratación de maneira indefinida con carácter previo á presentación da solicitude PEL-PEMES Mantemento 2021 e que con anterioridade á data de publicación da convocatoria, reúnan os seguintes requisitos indicados a continuación.**

2.1 Requisitos

1. Ter domicilio fiscal na provincia da Coruña nun concello de menos de 20.000 habitantes.
2. A actividade da empresa, definida nos seus estatutos e/ou dada de alta no certificado de situación censual, ou a do autónomo, debe estar relacionada cos perfís profesionais da persoa contratada.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS CONTRATADAS

3.1. Requisitos

As persoas contratadas, deben cumprir no momento de presentar a solicitude, ademais dos esixidos no Estatuto dos Traballadores e lexislación laboral da modalidade de contratación subvencionada, os seguintes:

1. Estar empadroadado/a nun municipio da provincia da Coruña.
2. Ter sido contratado na convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2020.
3. Ter contrato indefinido con carácter previo á presentación da solicitude de axuda PEL-PEMES Mantemento 2021 por parte da entidade solicitante.
4. Ter a mesma categoría profesional na que foi contratado e subvencionado con cargo a PEL-PEMES Creación e Ampliación 2020, salvo que se produza unha mellora na categoría profesional.
5. Ter a mesma xornada de traballo que na convocatoria anterior, salvo que se pase de parcial a completa.

3.2. Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados nestas bases os seguintes supostos:

1. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao incluído, do/a empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou que sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.
2. Os contratos realizados con persoas que ostentan cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración nas empresas que revistan a forma xurídica de sociedades mercantís.

4. CONCEPTOS DE GASTOS SUBVENCIONABLES.

Os conceptos de gasto subvencionables son os seguintes, de acordo con a Resolución da presidencia nº 2016/12 de 04/01/2016, pola que se aproban as instrucións reguladoras da codificación dos conceptos de gasto que son obxecto de subvención provincial:

| Conta | Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade |
|-------|--|
| 640 | Soldos e salarios |
| 642 | Seguridade Social a cargo da entidade |

Os gastos subvencionables comprenden os soldos e salarios, incluídas as cotas patronais á Seguridade Social.

Así mesmo, tamén se entenderá como soldo e salario aquel que pague a empresa en concepto de prestación por Incapacidade Temporal do/a traballador/a no suposto excepcional de que acontecese.

Non serán subvencionables outros conceptos derivados da contratación (horas extraordinarias, indemnización fin de contrato, roupa de traballo, dietas e quilometraxe), nin outras percepcións non salariais que deberán ser asumidos polo/a beneficiario/a.

O plus de transporte non será subvencionable cando teña natureza extrasalarial, por percibirse en concepto de indemnización ou suplido polos gastos realizados como consecuencia da actividade laboral e non se satisfán durante os días que non se traballa. Non obstante, si resultará subvencionable naqueles supostos cuxo pago sexa obrigado por convenio e se contabilice como unha percepción salarial obxecto de cotización.

5. CONTÍAS E PERÍODO SUBVENCIONABLE DA LIÑA PEL-PEMES MANTEMENTO.

Cada empresa poderá solicitar a subvención para os gastos correspondentes a un máximo de 12 meses do/a traballador/a contratado/a de maneira indefinida acollido á subvención PEL-PEMES Creación e Ampliación 2020.

Serán subvencionables os gastos de contratación desde o momento en que finalice o período subvencionable da convocatoria anterior (transcorridos os 12 primeiros meses de contrato relativos a PEL Pemes Creación e Ampliación 2020, tendo en conta a posible ampliación no caso de que se produciu unha nova contratación por extinción da relación laboral do traballador anterior).

A contía máxima da subvención a solicitar e conceder será o 50% dos custos estimados de contratación do/da traballador/a segundo os seguintes grupos de cotización e categorías profesionais:

| PEL-PEMES. MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL | | |
|---|----------------------------|----------|
| O mantemento daquelas contratacións indefinidas por parte dos/as beneficiarios/as PEL-PEMES Creación e Ampliación 2020. | | |
| Nº traballadores | Porcentaxe máxima da axuda | Duración |
| 1 | 50% | 12 meses |

As entidades poderán presentar un orzamento máximo de custos salariais e de Seguridade Social de 22.000,00 €, do cal poderán solicitar, como máximo, o 50%.

| | |
|--|-----------------|
| Importe máximo do orzamento de custos salariais e de seguridade social a xornada completa (40h semanais) | 22.000,00 € |
| Importe máximo a solicitar | 11.000, € |
| Importe máximo a conceder | 11.000 € |
| Porcentaxe máxima a conceder (sobre o importe máximo do orzamento de gasto) | 50% |

No caso daquelas contratacións realizadas a tempo parcial, deberá solicitarse a parte proporcional, tendo en conta o importe máximo a solicitar e a porcentaxe da xornada.

No caso dunha contratación a media xornada de 20horas semanais, debe terse en conta que o importe máximo a conceder no caso de 40horas semanais son 11.000,00 € , polo que para unha xornada de 20 horas o máximo a solicitar é 5.500,00 €. No caso dunha contratación cun número de horas diferente, o importe máximo a solicitar calcularase proporcionalmente tendo en conta que o máximo a solicitar por 40 horas semanais son 11.000,00 €.

6. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DA LIÑA PEL-PEMES MANTEMENTO

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cumprimentar a solicitude xunto co **Anexo_Xestión empresarial sostible**, que deberá ser cuberto polos mesmos e achegado á solicitude en SUBTEL.

Os criterios a ter en conta na valoración específica desta liña de axudas serán os seguintes:

| PEL-PEMES MANTEMENTO | | | |
|--|--|--|------------|
| Calidade da Memoria Técnica e adecuación aos obxectivos do PEL | | | |
| | CRITERIOS DE VALORACIÓN | ASPECTOS A VALORAR | PUNTUACIÓN |
| 1 | Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL-PEMES MANTEMENTO 2020 (Máximo 10 puntos) | O/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL-PEMES MANTEMENTO 2020 | 10 puntos |

7. COMPROMISOS ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-PEMES MANTEMENTO

- Facilitarlle á persoa contratada, os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.

- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se atope vixente durante a execución do traballo.
